

Intelixencia artificial e big data: un enfoque divulgativo



Actualmente todas as empresas xeran enormes cantidades de datos mentres desenvolven as súas tarefas cotiás, xa sexan un gran estableiro ou unha pequena tenda, un hospital ou un concesionario de automóviles.

Non cabe dúbida que os datos son “o novo petróleo”. Están a converterse en peza crave da economía e extraer información valiosa deses datos supón unha vantaxe competitiva que xa se reconece como un valor indiscutible.

Non importa o sector ao que se dedique a nosa empresa, todas terminarán recorrendo a estas tecnoloxías para, por exemplo, a identificación de novas oportunidades, deseñar operacións máis eficientes ou conseguir melloras na experiencia dos nosos clientes.

Para a xestión desta información as empresas han de recorrer a dúas ferramentas fundamentais: o Big Data e a Intelixencia Artificial. Unha delas utiliza a aprendizaxe continua para a toma de decisións e a outra axiliza o procesamento dos datos.

Pero habemos de ter en conta que a tecnoloxía debe ir acompañada de estratexias claras e de persoal capacitado. De feito, no último ano, as profesións especializadas en Intelixencia Artificial e Big Data sitúanse entre as profesións dixitais máis demandadas.

Vemos por tanto dous ámbitos de intres nesta temática: as empresas, que as necesitan para mellorar e competir, e os profesionais que poden atopar nelas unha saída laboral de indiscutible presente e futuro.

Programa

Presentación

M^a José Mariño Fontenla, Directora de Centros da Axencia Galega de Innovación

Invitados

- Juan Francisco Puentes Calvo
- Daniel Espiñeira Cupeiro
Máster de FP "Inteligencia Artificial e Big Data"
IES Fernando Wirtz Suarez

Contido

- Datos, información e coñecemento
- Que é o Big Data? E a Intelixencia Artificial?
- Perspectiva histórica
- Tecnoloxías actuais do Big Data
- Aprendizaxe automática
- Casos de uso
- Posibilidades presentes e futuras

Diálogo

MÁIS INFORMACIÓN E CONTACTO



Data: **30 de maio**
Horario: **de 10:30 h a 11:30 h**
Modalidade: **en liña**
Prazo de inscrición: **ata o 29 de maio**
Teléfono: **981 337 173**
e-mail: **infocistd.gain@xunta.gal**